

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á categoría profesional de condutor/a, grupo III, convocado por Resolución Reitoral do 4 de novembro de 2022 (DOG do 18 de novembro de 2022).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de condutor/a, grupo III da Universidade de Santiago de Compostela, en cumprimento da disposición da convocatoria que establece que “*Antes de realizar cada ejercicio o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección*”, en sesión celebrada o día 27.10.2023, acordou as seguintes instrucción e criterios de avaliación para a súa publicación antes da celebración do terceiro exercicio:

**PRIMEIRO:** Segundo establece o Anexo I da convocatoria o terceiro exercicio do proceso selectivo, consistirá na posta en marcha e condución dun vehículo. Partindo do lugar que lle indique o tribunal, os aspirantes dirixiranse no vehículo a un centro da USC. O tempo máximo de duración deste exercicio será de 30 minutos. A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 12,5 puntos.

**SEGUNDO:** Para a realización desta proba o Tribunal valorará a habilidade e aptitude na conducción dun vehículo oficial e o coñecemento dos centros da USC. O Tribunal acordou que a realización da proba consista nunha ruta de ida e volta dende o lugar de saída a un centro da USC proposto polo Tribunal. O Tribunal proporalle a cada aspirante tres rutas alternativas en sobre pechado das que deberá escoller unha que será a que teña que realizar.

**TERCEIRO:** As situacións imprevistas que poidan acontecer durante a realización da proba e que impidan obxectivamente realizala dentro do tempo máximo de duración establecido, poderán implicar un aumento proporcional deste, ou incluso a realización dunha nova proba ao/á aspirante afectado/a, sempre a xuizo do tribunal.

**CUARTO:** As faltas nas que poida incurrir durante o desenvolvemento da proba calificaranse, atendendo a súa gravidade, en:

- **Faltas tipo A:** é todo comportamento ou incumprimento das normas que supoña un perigo para a integridade ou seguridade propia ou dos demás usuarios da vía, así como, en xeral, o incumprimento dos sinais reguladores da circulación que esté tipificado como infracción grave ou moi grave conforme ao disposto no texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Legislativo 6/2015 de 30 de outubro. Tamén considerarase como falta tipo A o descoñecemento da situación do centro de destino.
- **Faltas tipo B:** é todo comportamento ou incumprimento das normas que obstaculice, impida ou dificulte notablemente a circulación doutros usuarios, que afecte ostensiblemente as distancias de seguridade, así como o incumprimento de sinais reguladores da circulación que non constitúa falta grave ou moi grave conforme ao disposto no texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Legislativo 6/2015 de 30 de outubro.
- **Faltas tipo C:** é todo comportamento ou incumprimento de normas

regulamentarias cando non constitúa falta grave ou moi grave conforme ao disposto no texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Legislativo 6/2015 de 30 de outubro, así como o manexo incorrecto dos mandos do vehículo, sen prexuizo de que este feito poida ser valorado como falta de maior gravidade, en función das circunstancias concurrentes en cada caso.

**QUINTO:** A puntuación máxima será de 30 puntos e para aprobar será necesario obter un mínimo de 12,5 puntos. As faltas cometidas daráselle unha puntuación negativa, de acordo co seguinte baremo:

- **Faltas tipo A:** 30 puntos
- **Faltas tipo B:** 6 puntos
- **Faltas tipo C:** 3 puntos

Sumadas as puntuacións negativas das faltas cometidas e restando o seu resultado do total dos 30 puntos, obterase a puntuación final do opositor. Cometer unha falta tipo A implica a interrupción inmediata da proba e a cualificación final de 0 puntos.

**SEXTO:** Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberán vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación así como do permiso de conducir en vigor que lles habilite para realizar a proba.
- As persoas aspirantes non poderán fazer uso de cartografía manual ou dixital para a realización da ruta proposta.
- Con antelación ao inicio do proba o tribunal facilitará un tempo previo de cortesía para que a persoa aspirante poida coñecer o posto de conducción.
- O inicio da proba será de acordo coa orde de chamamento e comezará coa letra T.

Lugar: **Colexio Maior Cadarso**

3º Exercicio (prueba práctica)				
	Apellido1	Apellido2	Nome	DNI
<b>Sábado dia 11</b>	<b>1ª Quenda</b>			
8.30h	Varela	Pérez	Manuel Ángel	***2012**
	Cobas	Pazos	Marcial	***6450**
	Couceiro	Parcero	Mónica	***9089**
	Díaz	Rejo	José Ángel	***8231**
	Dominguez	Novoa	Juan Carlos	***7973**
	Fernández	Fernández	José Luis	***9802**
<b>Hora</b>	<b>2º Quenda</b>			
16:00h	Fontao	Otero	José Darío	***3352**

	García	Barrio	Luis	***2894**
	Gómez	Botana	Jesús Manuel	***1382**
	Guisande	Leal	Rubén Darío	***9026**
	Lama	Pais	Manuel Antonio	***9775**
<b>Domingo día 12</b>	<b>3º Quenda</b>			
9:00h	López	Mallou	José Manuel	***9377**
	Mosquera	Corral	Yolanda	***5508**
	Otero	Garcia	Jose Reinaldo	***2993**
	Páxaro	Gómez	Eva	***4013**
	Pérez	Gómez	Sem	***7334**
	Piñeiro	Pérez	Gerardo	***6535**
<b>Hora</b>	<b>4º Quenda</b>			
16:00h	Piñeiro	Pérez	José María	***8116**
	Prado	Lopez	Ivan	***2336**
	Rial	Eiras	Fernando	***8242**
	Rico	Riveira	Juan Carlos	***7250**

O presidente do Tribunal  
José Ramón Basante Barbazán

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE RAMON BASANTE BARBAZÁN, NIF \*\*\*8210\*\*, 06/11/2023 18:55:31.

CSV: BF60-3629-48AB-836E